

Circular Novembro 2017

SEGUNDO PRAZO RENTA 2016

Recordamoslles que na data **05/11/2017** será cargado o segundo prazo da renda do exercicio 2016, daqueles que solicitaron fraccionamento do pago.

PECHE CONTABLE 2017

—

Convén que vaian facendo as estimacións das facturas pendentes de emitir e de recibir do presente ano para ir preparando o peche contable do exercicio 2017.

A AEAT cada vez está máis esixente nas contas e nas comprobacións e a inspección está a solicitar o INVENTARIO DE FIN DE ANO das actividades para logo intentar estudar e comprobar si cadran as contas.

Recordamos que deben de ser rigurosos na xestión da actividade e deben de coidar que todas as compras que realizan deben de saír como vendas ou estar no inventario de existencias. Esta fórmula é de importancia máxima para que poidan concordar todos os datos contables.

No caso das sociedades deben enviarnos os extractos bancarios ata o 31/10/2017 para poder axustar as constabilidades.

LEI DE AUTONOMOS

Acaba de aprobarse e publicarse a lei de autónomos e a súa entrada en vigor xa é para este mes nalgunos temas e outros para primeiro do ano 2018.

Entre estos están, os recargos da Seguridade Social do 20% ó 10%, así como os gastos de suministros, auga, luz e teléfono da casa si traballan nela, e os gastos de manutención ata 26,67 euro diarios.

Os autónomos poderan darse de alta e baixa tres veces o ano e nos días que se queiran, o mesmo tempo que a tarifa de 50 euros será durante un ano e a posibilidade de volvela disfrutar unha vez que pasaron xa tres anos, salvo que sexa unha nai que se reincorpora o traballo que o prazo será de dous anos.

Os autónomos pais e nais estan exentos durante a maternidade ou paternidade da cotización das cuotas, así como durante un ano para o coidado de menores ou dependentes.

Facilitarase a contratación de fillos menores discapacitados dos autónomos e a bonificación en continxencias comúns para contratación indefenida de parentes ata segundo grao no réximen xeral durante un ano.

Recoñecese xa os accidentes in itinere.

ENVIO DE DOCUMENTOS

Enviamos informe laboral correspondente ao 3º T 2017.